



Mónica Martínez, coa raíña Letizia no acto celebrado o pasado día 22.

Unha viguesa obtén o único contrato de investigación da AECC para Galicia

Mónica Martínez, doutora en bioloxía pola UVigo, regresará a casa en decembro para traballar no Cinbio tras seis anos en Madrid

Por Manuel Rey | 27/09/2017



Compartido
667 veces

O pasado venres 22, con motivo da celebración do **Día Mundial da Investigación en Cancro**, a Asociación Española Contra o Cancro entregou no Museo do Prado en Madrid, nun acto presidido pola **raíña Letizia** no os oito contratos de investigación asignados a científicos con formación postdoutoral previa, que afondan na loita contra esta doenza. Entre eles estaba **Mónica Martínez**, doutora en Bioloxía pola **Universidade de Vigo**, que en decembro se incorporará ao grupo Mobile Genomes and Disease, dirixido por **José Tubío**, investigador Ramón y Cajal e cunha **Starting Grant** do Consello Europeo de Investigación.

Mónica obtivo a **única bolsa** concedida para Galicia - seis dos contratos foron para Madrid e Barcelona, e outro para Santander -, o que lle permitirá **regresar a casa** despois de seis anos de investigación oncolóxica no **Ciemat** e no Hospital **12 de octubre** de Madrid e varias estadias en prestixiosos centros internacionais como o **Cancer Institute** (UCL, London) ou o **I3S** (Porto, Portugal). "**É moi emocionante** volver a casa, e ademais cun contrato así, dentro dun equipo xoven e con **moitísima proxección**", conta Mónica Martínez. Este grupo mantén tamén unha estreita colaboración con **David Posada**, profesor da UVigo e un dos investigadores máis citados do mundo.

Agora, dedicárase a "estudar o papel dos **elementos móbiles no xenoma**; ver cal é a súa implicación no cancro, observando se, tal e como cremos, estes elementos poseen un papel como potenciais **oncoxenes**"; explica Mónica. Para isto utilizaranse mostras de pacientes de diversos tipos de cancro e secuenciaranse para cartografiar a posición destes elementos, vendo a que xenes poden afectar e de que xeito. Engade que é un campo **no que se está comezando**, cuns primeiros **resultados interesantes**, e que de confirmarse, "revolucionarían o diagnóstico do cancro tal e como se concibe hoxe en día".

Con esta oportunidade, Mónica está esperanzada para "conseguir facer ciencia do **máis alto nivel en Galicia**". Así, reitera que "é un equipo xoven, de xente moi boa, e nun campo con moitísimo futuro; poden saír cousas moi interesantes".